



CONCELLO DE  
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG131005	<i>Expediente</i> CON/82/2018	<i>Fecha</i> 29-03-19 11:12

Sello o Certificación Mecánica

Número 85 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao rexeitamento da oferta dunha empresa, e adxudicación do contrato de obras de mellora do firme nas parroquias de Verdía, Grixoa, A Peregrina, Sabugueira e Barciela. " POS 2017".

Destinatario

15078DCMG131005S



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 29 de marzo de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 85 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA AO REXEITAMENTO DA OFERTA DUNHA EMPRESA, E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE MELLORA DO FIRME NAS PARROQUIAS DE VERDÍA, GRIXOA, A PEREGRINA, SABUGUEIRA E BARCIELA. " POS 2017".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta de data 26 de marzo de 2019, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2019/111 de data 28.3.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de mellora do firme nas parroquias de Verdía, Grixoa, A Peregrina, Sabugueira e Barciela "POS+2017"", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG131005	<i>Expediente</i> CON/82/2018	<i>Fecha</i> 29-03-19 11:12

Primeiro: Con data 12 de marzo de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Segundo: Con data 26 de marzo seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado da súa baixa.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de 143.132,23 euros (IVE aparte 21%: 30.057,77 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de catro anos.

O servizo municipal de Obras e Proxectos, supervisor deste contrato, adscribe a esta función a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado da súa baixa.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I005	<i>Expediente</i> CON/82/2018	<i>Fecha</i> 29-03-19 11:12

**Segundo:** Adxudicar o contrato de "Obras de mellora do firme nas parroquias de Verdía, Grixoa, A Peregrina, Sabuqueira e Barciela "POS+2017", a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de 143.132,23 euros, (IVE aparte 21%: 30.057,77 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de catro anos.

O servizo municipal de Obras e Proxectos, supervisor deste contrato, adscribe a esta función a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

